

TEMPOS

NOVOS

GALICIA,
@PUNTO.

AS MENTIRAS DA XUNTA
e as medias verdades

A Igrexa, interpelada
**OS CREGOS,
AS MULLERES
E O SEXO**

entrevista

Giovanni Arrighi

Unha voz crítica en USA



O CELIBATO, ESA CARGA HUMANA


ANDRÉS PAVÓN



Fotos: Iván Cozinha

Tertulianos (de esquerda a dereita):

VICTORINO PÉREZ PRIETO crego e escritor
XOSÉ CHAO REGO teólogo e escritor
MARÍA XOSÉ AGRA profesora de filosofía



O SEXO, A MULLER
E O CREGO
Xosé Chao Rego
ESPIRAL MAIOR
A Coruña, 2000

Fieis ó costume recentemente adquirido, acudimos á nosa cita no restaurante com-postelán Airas Nunes, para coñecer e debater sobre un libro. Desta volta trátase de *O sexo, a muller e o crego* do teólogo e ensaísta, Xosé Chao Rego. Atopámonos cun achegamento a cuestións tales como o celibato, o papel da muller na Igrexa ou a construción da moral católica. Temas que Chao Rego entende ben polo seu coñecemento dun tema que viviu de preto.

Nun ambiente distendido e con toques de fino humor, o autor estivo acompañado polo crego, teólogo e escritor Victorino Pérez Prieto e pola profesora de Filosofía moral e política María Xosé Agra, quen leva varios anos traballando en estudos sobre a

muller. Algúns amigos e coñecidos de Chao Rego interviron tamén na conversa, na que se abordaron os últimos acontecementos relacionados coa Igrexa católica, como os casos de violacións cometidas por misioneiros en África.

Unha vez aclarada a fórmula para que a tertulia fose o máis amena e participativa posible, Chao Rego comezou lembrando que o libro saíra á luz coincidindo cos sucesos de violacións cometidas por misioneiros e os embarazos entre monxas protestantes no Sur de África, "o cal vén a poñer en tela de xuízo esa discriminación positiva que se exerce cara ós misioneiros dándolles o papel de heroes". A isto Victorino Pérez respondeu explicando que a noticia

orixinaria do National Catholic Reporter daba conta da participación de misioneiros en investigacións sobre violacións realizadas por algúns curas (non precisamente os misioneiros) e que, aínda que se deran casos, a prensa manipulara a información. Afondando na polémica, Rego recriminou á Igrexa de Roma a súa total falta de transparencia neste asunto e mesmo acusou á xerarquía eclesiástica de "actuar con sabedoría vaticana para deixar correr o tempo e que non se fale máis do acontecido".

Pola súa banda, a profesora Agra expresou a súa desconformidade coas declaracións de altos cargos sacerdotais ó respecto, e lembrou que había que ter en conta que se trataba de culturas distintas á

occidental. "Se se admiten esas diferencias de carácter cultural e os choques que poden ter con algúns principios e ritos cristiáns. ¿Por que se predica neses países o celibato?". Continuando con África, o autor do libro citou a un misioneiro que coñeceu en Mondoñedo que participara no Concilio, quen lle dixo que había voces na Igrexa que suscitaban a posibilidade de aceptar a bigamia nalgúns rexións africanas, xa que para moitos homes supoñía un trauma ter que renunciar a unha das súas esposas, coas que convivía en perfecta harmonía, para poder ser bautizado. Tamén mencionou o escritor Juan Arias "a quen lle constaba que boa parte dos bispos estaban amancebados segundo confesión propia.... e



é que en África fai moita calor" concluíu con sorna.

Victorino Pérez, por ampliar o debate, dixo que "non se pode extraer unha conclusión xeneralizadora. A maioría dos curas non son uns violadores, aínda que moitos non garden a norma do celibato e bastantes manteñan relacións máis ou menos estables de parella". A expresión galega "o fillo do cura" sería un exemplo do enraizada que estivo esta realidade no noso país.

"O celibato é poder, e quen ten poder sagrado non pode *contaminarse* cunha muller. O celibato fai que un sexa impotente para que outro poida ser potente, por exemplo os cregos ortodoxos de Grecia poden casar, pero se o fan nunca chegarán a

bispos". Así de rotundo se mostrou Chao Rego respecto da ausencia obrigatoria de sexo no catolicismo. A este respecto, Victorino Pérez indicou que é urxente revisar o sentido do celibato nos cregos, sobre todo a súa obrigatoriedade e mesmo "...a vivencia da sexualidade na Igrexa, que é una materia pendente. Hai unha revolución freada dende a autoridade; creo que a maioría de curas e leigos na Igrexa aceptarían de bo grao a reforma da norma obrigatoria do celibato e unha visión máis positiva da sexualidade". Outro aspecto que quixo subliñar foi a diferenza que atopa entre "o sentido que ten o celibato nas comunidades monásticas, que é un voto, e o que teñen que gardar os

cregos. A imposición do celibato para algo que non o require, como é o ministerio sacerdotal, obriga a que todo estea completamente mesturado. O celibato non o inventou o cristianismo, está presente en moitas relixións. Creo que o celibato ten un sentido como algo asumido moi libremente por unha persoa en función dun propósito, como pode ser unha orde comunitario que é o que se dá nos conventos. O problema é que haxa que renunciar necesariamente a unha vivencia persoal da afectividade e á sexualidade para ser cura. Aí é onde a Igrexa católica lle está facendo un fraco favor ó cristianismo e está forzando unha situación que leva a estes excesos: violacións, pederastia..."

Chao Rego amosouse de acordo e afirmou "Celivoto (entendido como voto que se fai voluntariamente), si, Celibato, non. O catolicismo romano é unha organización tendente a culpar, e o sexo é un ámbito que ofrece moitísimas posibilidades de culpabilidade e que nos afectan a todos. Aristóteles e o pastor Ovidio xa falaban da fugacidade do pracer sexual e do estado de tristeza que o segue".

María Xosé Agra clasificou o catolicismo como "unha organización sen moita marxe para as eleccións persoais. A Igrexa é unha institución xerárquica que, ademais, determina estruturalmente a través do celibato toda a súa relación de poder. Pero tamén me preocupa como toda esa

XOSÉ CHAO REGO
móstrase rotundo respecto da ausencia obrigatoria de sexo no catolicismo: "O celibato é poder, e quen ten poder sagrado non pode contaminarse cunha muller. O celibato fai que un sexa impotente para que outro poida ser potente. Así, os cregos ortodoxos de Grecia poden casar, pero se o fan nunca chegarán a bispos"

As tertulias de TEMPOS

TEMPOS Novos tenta recuperar coa súa nova sección Café con letras o formato e mais o espírito das tertulias literarias. Diferentes personalidades da cultura e das letras daranse cita no espazo habitado dun café urbano para

conversar entre eles sobre o contido temático dun libro de recente aparición no mercado editorial. Farano de maneira máis ou menos informal, contando coa presenza do autor do libro escollido, que alternará entre a

creación literaria e o ensaio. Trátase de achegarlle ó lector aqueles aspectos que puideran resultar máis atraentes para el, unha vez analizados por expertos, que no caso do ensaio procederán de diferentes campos disciplinarios.

A nosa terceira achéganos o libro do teólogo Xosé Chao Rego *O sexo, a muller e o crego*. Unha densa obra editada por Espiral Maior na que se fai un percorrido pola historia da Igrexa a fin de entender a súa concepción da condición feminina,

facendo especial fincapé naquelas mulleres inseridas dentro da súa estrutura. Un ensaio que aparece xusto cando os medios nos mostran a descuberta de violacións a monxas por parte de misioneiros da Igrexa católica no continente africano.

moral católica que se xera non é aceptada internamente". Concorde con que o celibato pode ser unha elección persoal, como o matrimonio, e que mesmo pode entenderse que "moitas abadesas da Idade Media sexan precursoras do feminismo, xa que rachaban coas estruturas que lles viñan impostas para ir ó convento. A profesora de Filosofía destacou "a importancia de que os crentes valoren o que internamente supón o celibato nas estruturas e non só a nivel persoal. A

mulando a medida que as mulleres se organicen dentro da propia comunidade eclesial e reclamen ese dereito xunto cos homes. Tamén considero que os crentes deben elixir o pastor que desexan para a súa comunidade, e máis canto maior sexa o grao xerárquico. Parece que vamos retrocedendo dende aquilo de *ningún bispo imposto* dos primeiros séculos".

Para Chao Rego "non é que a muller non fose admitida na Igrexa, é que foi marxinalizada". Unha das causas


foi completamente marxinalizada no Novo Testamento".

A profesora Agra viu unha contradición entre a superioridade moral que se lle outorga á muller a través da idea de pureza que encarna a Virxe María e o papel marxinal da muller na relixión católica. "Cómpre lembrar que os textos sagrados non están escritos dende o principio dos tempos e que non poden ser como un manual a seguir aínda que vaia evolucionando o mundo, senón que motivan interpretacións".

realidade sabemos que esa muller a penas se chegou a decatarse de quen era o seu fillo. Ademais, tivo sete fillos en total. Pero hoxe en día imponse a *marioloxía* e o mito da Inmaculada Concepción converteuse en dogma. Tamén tivo palabras para San Agostiño, quen consideraba que os nenos sen bautizar ían ó inferno e era inimigo declarado de calquera contacto entre carne humana. "Non hai moral cristiá, nin evanxélica, todo o imos atopar nos históricos".

O CELIBATO... ESA CARGA HUMANA

VICTORINO PÉREZ PRIETO: "Creo que as mulleres teñen o mesmo dereito a acceder ó ministerio sacerdotal que os homes. A miña Igrexa aínda non se cuestionou o tema, pero irao plantexando a medida que as mulleres se organicen dentro da propia comunidade eclesial e reclamen ese dereito. Os crentes son os que deben elixir os seus pastores"



Igrexa é unha institución destacada na articulación dunha sociedade, por iso as súas decisións afectan mesmo a aqueles que non comulgan con ela".

Victorino Pérez quixo dar acobillo na parola ó papel da muller na Igrexa. "Considero que as mulleres teñen o mesmo dereito a acceder ó ministerio ordenado que os homes. Este é un tema que a miña Igrexa aínda non ten debatido, pero que se irá for-


desa marxinalización residiu no interese do imperio romano na autoridade do *pater familias*, para que a muller non deixase o seu rol doméstico en favor doutro traballo fóra da casa. "Os libros do cristianismo están hoxe capaces de textos orixinariamente favorables á muller. María Madalena, que non era unha golfa senón unha enferma mental, tivo case tanta importancia nalgúns grupos como o mesmo Pedro e sen embargo



Xosé Chao fixo constar que a impureza como a entenden os xudeus era algo simplemente ritual, non implicaba falta. En cambio, a impureza cristiá non é ritual, é moral, e pode culpar. "Non é tanto a impureza que entraña a relación sexual como o feito de que produza pracer. Tamén atacou o mito mariano: "A Virxe María chega a suplantarse na Teoloxía o papel que lle correspondría ó Espírito Santo, cando en

Victorino Pérez retomou a cuestión da muller subliñando que "é certo que si houbo unha idea de superioridade relixiosa e moral da muller consagrada sobre a casada, pero xa está superada. Ningunha monxa se consideraría hoxe moralmente superior á miña nai, ou calquera outra muller. Relacionar pracer con pecado pertence a unha teoloxía troglodita, a virxindade e o celibato non outorgan superioridade moral ou espiritual".

“*María chega a suplantar na Teoloxía o papel do Espírito Santo, cando en realidade sabemos que apenas se chegou a decatar de quen era o seu fillo. Pero hoxe imponse a marianoloxía, e o mito da Inmaculada Concepción converteuse en dogma*”



Xosé Chao Rego

"É evidente [] que o ministerio sacerdotal tal como o concibimos hoxe non foi instaurado por Xesús na Última Cea, na que probablemente había máis xente que o grupo de apóstolos. Nembargantes, nunha lectura atenta ó Novo Testamento podemos atopar distintos ministerios que logo foron evolucionando na Igrexa []. Creo que a Igrexa ten que experimentar unha evolución profunda na maneira de concibir e exercer o ministerio ordenado, sen ter que aban-



rarse ó ministerio ordenado, pero non tal como se exerce hoxe".

A discusión sobre se a Eucaristía é só un recordo da Última Cea centrou parte da conversa. "Penso que a Eucaristía é algo máis que unha pura lembranza da Cea []. Cando concibo a Eucaristía como un sacramento, entendo que hai nela unha forma especialísima de presenza do Misterio, de Cristo Resucitado, por iso eu adoro a Eucaristía", dixo Victorino Pérez. Chao Rego non estivo de acordo: "A Eucaristía é a reunión dos cristiáns que celebran a Cea do Señor. Nesa Cea pronunciáronse as verbas "Isto é o meu corpo...". Paréceme un escándalo o da muller de Abadín á que deixan oficiar parte da misa -sempre que o cura consagra as hostias con anterioridade- ¿Onde está aí a presenza dinámica da Cea do Señor? Por outro lado hai aspectos ridículos, como a consagración obrigatoria do pan e o viño ¿Como fan nas illas do Pacífico nas que só hai cervexa e arroz?".

A democratización do catolicismo romano, reclamada por todos os presentes, foi unha cuestión engadida ó debate. "¿Como é posible que un reducido grupo de individuos escollidos de antemán sexan os que elixen a cabeza

visible dunha Igrexa que conta con millóns de adeptos en todo o mundo?", protestou Chao. Algúns dos presentes na sala coincidiron en sinalar que a entrada da muller só sería unha revolución se implicase un cambio na maneira de exercer o sacerdocio; "tamén agora hai mulleres na Garda Civil e non por iso deixan de pór multas" apuntou alguén desde o público. Nembargantes, María Xosé Agra opinou que "se ben a incorporación feminina non suporía unha revolución, si sería un elemento distorsionador como é ou foi noutros ámbitos. Mais tamén é certo que a Igrexa de Roma é unha institución con moitos séculos de vida, capaz de asumir os posibles cambios de xeito que non sexan traumáticos para ela".

Tamén calou entre os asistentes a idea de que a Igrexa está a perder, Opus Dei á parte, a conexión coa mocidade. Falouse de que máis do 70 por cento dos menores de 25 anos non van a misa e non coñecen o nome do bispo da súa diocese. Non obstante, Victorino Pérez advertiu de que "a Igrexa está aquí, e vai estar moito tempo; nin os vosos fillos nin os vosos netos verán o seu remate. É obvio que a institución require cambios, e cam-

bios profundos, pero aínda que o máis cómodo, cando non se producen eses cambios, é marchar do seo seu seo, somos moitos os que opinamos que a Igrexa ten que cumprir un papel moral, social e relixioso na sociedade e por iso traballamos dende dentro para que as cousas cambien e a Igrexa saiba realizar o proxecto do Reino de Deus que veu anunciar Xesús de Nazaré. A pesar de que nas altas xerarquías son poucos os que queren cambiar a fondo o modo de funciona-




MARÍA XOSÉ AGRA: "A incorporación feminina non sería unha revolución, pero si un elemento distorsionador como o é noutros ámbitos. Pero a Igrexa, que determina a través do celibato toda a súa relación de poder, é unha institución con moitos séculos de vida, capaz de asumir os posibles cambios sen traumatismos"

donar a concepción deste coma un sacramento concedido en particular a algúns membros desa Igrexa, para o ben de todo o pobo de Deus. Hoxe hai mulleres que queren lexitimamente incorpo-

mento clerical... algúns si hai".

Un debate do que todos saímos, cando menos, informados. O sexo, a muller e o crego, unha aproximación a cuestións que, en moitos foros, seguen a ser tabú.



bocatekía	catering
bufet de almoxzos	nova cocíña galega
repostekía caseira	salón privado para actos
xeladekía propia	música en vivo



Rúa do Vilar, 17
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 582 516
airasnunes@infor-data.com